



## Concello de Moaña

### CERTIFICADO

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
2165/2017	A Xunta de Goberno Local

**Adamantino Barreiro García, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO,  
CERTIFICO:**

Que, na sesión desenvolvida o 27 de agosto de 2018 adoptouse o seguinte acordo:

**Expediente 2165/2017. Aprobación procedemento venda e prezo público libro "Os bolechas van a Moaña"**

Vista a proposta do concelleiro delegado de Facenda de datada o 27 de agosto de 2018, sobre *Aprobación procedemento venda e prezo público libro "Os bolechas van a Moaña"*, que textualmente di:

*O Pleno da Corporación do Concello de Moaña aprobou na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2017 a Ordenanza reguladora da venda de material de promoción cultural e turística do Concello de Moaña, que foi publicada no BOP núm.13, de 18 de xaneiro, entrando en vigor ó día seguinte da súa publicación.*

*Na sesión celebrada o 4 de decembro de 2017 a Xunta de Goberno Local, acordou proceder á edición do libro "Os bolechas visitan Moaña", cunha finalidade de promoción cultural e turística do Concello, de acordo co disposto no artigo 4 da Ordenanza reguladora da venda de material de promoción cultural e artística do Concello de Moaña.*

*O 20 de agosto de 2018, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar e dispoñer o gasto correspondente á edición do libro por importe de 11.980,80 euros.*

*Co obxecto de operar a venda dos libros editados a través da páxina web do Concello, a Xunta de Goberno Local aprobou na sesión celebrada o 25 de xuño de 2018 a contratación do servizo de ampliación daquela para a incorporación de elementos ecommerce, por un importe de 1.089,00 euros.*

*O 9 de agosto de 2018, consultadas as condicións correspondentes á contratación dun TPV virtual coas dúas entidades bancarias nas que o Concello mantén contas operativas abertas, BBVA Institucións e ABANCA, asinase contrato con esta última por ofertar as mellores condicións financeiras (0,30 % do importe por cada operación como taxa de desconto, sen ningún outro tipo de comisión)*

*O artigo 4 da ordenanza indicada nos seus parágrafos 1º e 2º, dispón que corresponde á Xunta de Goberno Local determinar o procedemento de venda e cobro de cada produto e o importe do prezo público correspondente, que se fixará en atención ó estudo de custes realizado polos servizos económicos do Concello.*

*O 8 de agosto de 2018 emítese providencia de Alcaldía de inicio do expediente de regulación da venda de 4.000 exemplares do libro "Os bolechas visitan Moaña" e de establecemento do correspondente prezo público.*

*O 23 de agosto a Tesourería Municipal emite estudo económico de custes no que propón un prezo público por importe de 7,25 euros, como mínimo.*

*Obra no expediente o convenio no que se regula o procedemento de venda e de suministro dos produtos mediante un sistema de colaboración con establecementos locais que permita dar cumprimento ós fins de promoción turística e cultural.*

*Dados os antecedentes expostos e vista a documentación obrante no expediente, en exercicio das competencias atribuídas na normativa vixente, e previa conformidade da Tesourería Municipal, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

**Concello de Moaña**

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



## Concello de Moaña

### **PRIMEIRO.- Aprobación do expediente e dos seguintes procedementos de venda**

#### **1- Procedemento de venda o día da presentación do libro**

O día da presentación do libro, prevista para o 15 de setembro, no lugar onde se celebre a mesma, operarase a venda de exemplares de xeito presencial por persoal do Concello baixo a supervisión da Tesoureira Municipal. Únicamente se admitirá o pagamento mediante tarxeta bancaria, previa presentación do DNI do seu titular, para o que se disporá dun TPV físico que subministrará a entidade bancaria para tal data.

#### **2.- Procedemento de venda posterior á data da presentación**

Con posterioridade á data da presentación estarase ó disposto no convenio de colaboración incorporado ó expediente que textualmente recolle o seguinte procedemento de venda e subministro:

"A venda realizarase a través da plataforma municipal de ecommerce, accesible desde a web municipal, na que aparecerán os nomes dos establecementos colaboradores.

A persoa compradora, despois de seleccionar o produto na tenda on-line, engadilo ao "carro da compra" e finalizar compra, accede a un apartado no que se rexistra cos seus datos, fai o pagamento con tarxeta e debe escoller a tenda na que vai recoller o produto.

O sistema enviará ao cliente un correo coa compra e a factura do pedido. Tamén enviará aos establecementos colaboradores un correo electrónico cos datos do pedido.

A persoa compradora deberá identificarse co seu DNI para recoller o produto no establecemento seleccionado e asinará o documento acreditativo da entrega de acordo co modelo incorporado como Anexo 1º.

Cada establecemento colaborador recibirá 100 exemplares do libro "Os Bolechas van a Moaña" no momento da sinatura do presente Convenio.

O primeiro luns de cada mes, unha persoa representante do establecemento colaborador achegarase á Tesourería Municipal (horario de 8:00h a 14:30h) para presentar a documentación xustificativa da entrega dos produtos vendidos durante o mes anterior e, no seu caso, repoñer stock.

Excepcionalmente, se o establecemento rematase o stock con anterioridade a tal data, poderá repoñelo calquera outro día laborable en horario de 8:00h a 14:30h, baixo previo aviso cunha antelación mínima de dous días laborables."

**SEGUNDO.- Aprobación do convenio e facultar á Sra Alcaldesa para a súa sinatura con Dona Asunción Soñora Abuín, NIF 33254904D (Librería Pontilón) e Dona Rosana Fernández García, NIF 78738597Y (Librería Alborada).**

**TERCEIRO.- Aprobación do prezo público para a venda do libro "Os bolechas van a Moaña" por importe total de 8 euros (7,68 euros + 0,32 IVE).**

**CUARTO.- Notificar o presente acordo ós Departamentos de Secretaría, Intervención e Tesourería ós efectos oportunos.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Facenda.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º e Pr. da Sra. alcaldesa, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento

## Concello de Moaña



## **Concello de Moaña**

---

de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Moaña**

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104